

O colectivo Comadres das Letras publica «Contármonos»: 14 voces arredor de historias de vida das mulleres

Formato: 262 pp . 21 alto x 14 ancho
ISBN 978-84-18567-43-8. PAPEL FSC . PVP: 18,50 €

contármonos



A partir dun Obradoiro da Escrita impartido en 2021 e 2022 por Eli Ríos e impulsado polo Concello de Santiago e a AELG, nace o colectivo literario Comadres das Letras, que agora ve publicado, na colección Libros do Sarela de Alvarellos Editora, un volume con textos de catorce autoras.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, XUÑO 2023.- *Contármonos* (Alvarellos Editora, 2023) reúne catorce voces nun volume que xorde a partir do Obradoiro da Escrita impulsado en 2021 e 2022 polo Concello de Santiago co apoio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e impartido por Eli Ríos.

Son textos creados arredor de historias de vida das mulleres. Daqueles obradoiros naceu o colectivo Comadres das Letras e de feito moitas das autoras estréanse na literatura con esta publicación.

Eli Ríos sinala no Limiar: «Na literatura xa está todo escrito, o que importa é como o contas. A túa propia voz. Isto, que parece moi sinxelo, é dunha complexidade inmensa xa que, desde que somos crianzas, mállase na construción da identidade das mulleres coma en centeo verde e medramos entre os homes-que-nos-explican-cousas, o síndrome da impostora ou

as cento e mil actitudes machistas que nos invisibilizan sistematicamente. (...) Tanto os textos colectivos coma os individuais xiran pola volta da memoria histórica das mulleres. O tema viña dado pola temática do Obradoiro da Escrita e écheme de orgullo contarvos as innumerables horas de investigación e documentación que lle dedicaron a este proceso. Cada unha das súas creacións comporta unha rigorosidade histórica increíble».

AUTORAS

Carmen Villar **Alonso**, Ana Lorenzo **Blanco**, Lorena Gómez **Calvo**, Isabel Criebeiro **Galego**, Beatriz Guerra **García**, M. C. **García**, Chus Prol **Gómez**, María Álvarez **Landesa**, Óscar **Monti**, Flora Miranda **Pena**, Marga Castro **Rey**, Eva Teixeira **Suárez**, Nela **Valado** e Marta Abal **Vaquero**.

Para contactar coas Comadres das Letras: Eli Ríos 635 68 64 72_Eva Teixeira: 660993862_Chus Prol 650477060

